



MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (LOTE 1) E PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR (ALMORZO E XANTAR) E APOIO AO COMEDOR (LOTE 2) LEVADAS A CABO POLA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 24-2017. Xustificación oferta con valores anormais ou desproporcionados. Lectura de informe técnico.

Sendo as 14:00 horas do día 22 de agosto de 2017, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida por don Xosé Manuel Cao Rei Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento, e actuando como vocais:

- don Justo Diaz Rodríguez, actuando como Asesor Xurídico.
- don Marcial Rodríguez Toajas, Inteventor Xeral Municipal.
- dona Margarita Calderón, Técnico do servizo de Educación.
- don Manuel Angel Brea Santomé, funcionario do servizo de contratación actuando como Secretario da mesa.

Asiste á reunión Don Jorge Ciz Pérez, en representación da empresa ALIMENTACIÓN SALUDABLE GALLEGA S.L..

Abre a sesión o Sr. Presidente e procede a informar da presentación en tempo e forma da xustificación solicitada á empresa A Billarda, S.L. relativa a súa oferta que foi considerada anormal ou desproporcionada, así como á lectura do informe técnico emitido polo departamento de Educación respecto da mesma, do teor literal seguinte:

<< ASUNTO: INFORME DA ÁREA DE EDUCACIÓN VALORATIVO DA XUSTIFICACIÓN DA OFERTA ECONÓMICA PRESENTADA POLA ENTIDADE “A BILLARDA” S.L. PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR (ALMORZO E XANTAR) E APOIO AO COMEDOR NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 24-2017.

Desde a Área de Educación, e á vista do escrito presentado con data 18-08-2017 pola entidade A BILLARDA S.L, de xustificación da oferta económica presentada para



CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Ref: Acta mesa de contratacion 22-8-17_lectura informe xustif baixa temeraria

Asunto:

a “contratación da prestación do servizo de comedor escolar (almorzo e xantar) e apoio ao comedor levadas a cabo pola Concellería de Educación nos Ceips do Concello de Lugo” é considerada pola Mesa de Contratación, reunida o 11 de agosto de 2017, de baixa temeraria, **infórmase**:

1.- Que a xustificación da empresa A Billarda parte da consideración errónea de que a oferta económica ten que ser valorada no seu **conxunto Servizo de Apoio ao comedor mais Servizo de comida (xantar e almorzo)** cando esto queda diferenciado e establecido na cláusula quinta seguinte do prego de prescricións técnicas (LOTE 2) e redactado para o caso:

“O custo deste contrato está constituído polos seguintes conceptos:

1. O apoio ao servizo de comedor escolar co persoal necesario

O prezo total do contrato do persoal necesario no servizo de comedor calcúlase sobre o prezo/hora do persoal por o número de horas a realizar durante 40 semanas o longo de 10 meses do curso escolar nos centros de educación infantil e primaria públicos que se indican na cláusula segunda deste prego, incluídos os desprazamentos polo que será da cantidade resultante :

2. Servizo de almorzo e xantar nos comedores dos centros escolares citados na cláusula segunda deste prego.

O prezo dos menús dos ALMORZOS E DO XANTAR que a empresa concesionaria cobrará as familias en concepto de catering na xestión do servizo dos comedores escolares, obxecto deste contrato será o recollido na ordenanza municipal correspondente aprobada ao efecto.

Sobre estes prezos non se aplicará baixa algunha xa que son as e os usuarios do comedor, e dicir as familias as que aboan estes prezos a empresa concesionaria dos comedores escolares.”

A finalidade de que “ao prezo do almorzo e xantar non se lle aplique baixa algunha” é a de garantir a calidade e a elaboración dos alimentos nun compromiso coas familias usuarias dos comedores escolares que van aboar este custo.

Neste sentido na cláusula décima do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe dita contratación establécese:

“ ...

O SOBRE C - OFERTA ECONÓMICA E RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE - CONTERÁ o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou NIF nº,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no concurso convocado para a CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES (LOTE 1) E PRESTACIÓN DUN SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR (ALMORZO E XANTAR) E APOIO AO COMEDOR (LOTE 2) LEVADAS A CABO POLA CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 24-2017.

b) Oferta os seguintes prezos para a primeira anualidade do contrato: ☐ LOTE 1. SERVIZO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO: euros máis un 10% de IVE (..... euros), do que resulta un importe total para a primeira anualidade de euros.

☐ LOTE 2. SERVIZO DE APOIO AO COMEDOR NOS CEIPS DO CONCELLO DE LUGO (): euros máis un 10% de IVE (..... euros), do que resulta un importe total para a primeira anualidade de euros.**



Concello de Lugo

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: Acta mesa de contratación 22-8-17_lectura informe xustif baixa temeraria

Asunto:

() A OFERTA NESTE LOTE 2 SERÁ EXCLUSIVAMENTE SOBRE O PREZO DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE APOIO AO COMEDOR, NON SOBRE O PREZO DA COMIDA (XANTAR E ALMOZZO)."*

Así mesmo, na cláusula décimo segunda do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe dita contratación establécese:

Os criterios para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa para cada lote serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

...

B) LOTE 2. SERVIZO DE COMEDOR E APOIO AO COMEDOR NOS CEIPs DO CONCELLO DE LUGO:

12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE. Ata un total de 9 puntos distribuídos como segue:

12.1.1. - OFERTA ECONÓMICA: Ata 6,5 puntos.

A proposición que oferte o prezo anual, exclusivamente do servizo de apoio ao comedor, máis baixo obterá a máxima puntuación (6,5 puntos) e as proposicións que presenten o prezo tipo de licitación para este lote (287.688,33 euros IVE excluído) obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito directamente proporcional. A estes efectos, considerárase o prezo ofertado sen ter en conta os valores decimais, que se redondearán ao número enteiro máis próximo.

A valoración do prezo ofertado realizarase excluindo o Imposto sobre Valor Engadido. Consideraranse ofertas anormais ou desproporcionadas aquelas ofertas que estean nos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos, sen prexuízo da súa valoración por parte da mesa de contratación.

Aos efectos de xustificar a viabilidade da oferta incursa inicialmente en temeridade terase en conta que a xustificación garanta o cumprimento da lexislación en materia social ou laboral de xeito que, de non garantirse co prezo ofertado pola empresa para este contrato a cobertura dos custos salariais do persoal adscrito a este contrato e que se deriven do Convenio Colectivo que sexa de aplicación á empresa licitadora máis as melloras ofertadas no seu caso, entenderase non xustificada a oferta por non acreditar a viabilidade da execución do contrato ante a constatación da existencia de custos salariais superiores aos da oferta."

2.- Que na cláusula cuarta do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe dita contratación establécese, en relación ao prezo do contrato:

"4.1.- Para a determinación do custo total do servizo PARA CADA LOTE tiveronse en conta o número de horas de prestación do servizo, as diferentes categorías profesionais para cada tipo de actividade indicados nos pregos de prescricións técnicas (monitores e coordinadores), o gasto de material que debe subministrar a empresa, e ademais en relación co LOTE 2 o gasto do servizo de comida (almorzo e xantar) resultando o seguinte prezo anual do contrato para cada lote:

...

LOTE 2. SERVIZO DE COMEDOR E APOIO AO COMEDOR NOS CEIPs DO CONCELLO DE LUGO: 757.488,33 euros anuais máis o IVE (10%) -75.748,83 euros- resultando un total de 833.237,16 euros IVE incluído desglosado como segue:

-SERVIZO DE APOIO AO COMEDOR: 287.688,33 euros anuais máis o IVE (10%) -28.768,83 euros- resultando un total de 316.457,16 euros IVE incluído.

Sobre este prezo (287.688,33 euros) realizarán os licitadores as súas ofertas económicas.

-SERVIZO DE COMIDA (xantar e almorzo): 460.800 euros máis o IVE (10%) -46.080 euros- resultando un total de 506.880 euros IVE incluído.

Este custo deriva da aplicación do prezo público pola prestación do servizo de comida conforme a ordenanza fiscal que se aprobe ao efecto ao número estimado de alumnos/as que recibirán anualmente este servizo.

Sobre este custo os licitadores non realizarán rebaxa algunha xa que o prezo público establecido será o que cobre a empresa pola prestación do servizo, tal e como se establece no prego de prescricións técnicas.

-A maiores do anterior e dentro deste Lote 2 os gastos de mantemento, reposición e reparación que debe asumir a empresa por un importe anual de 9.000 euros máis o IVE (10%) -900,00 euros- resultando un total de 9.900,00 euros IVE incluído, que se aborará conforme se acredite o gasto

Así, o orzamento máximo para a prestación do servizo deste LOTE 2 ascende a 833.237,16 euros.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refº: Acta mesa de contratacion 22-8-17 _lectura informe xustif baixa temeraria

Asunto:

Os licitadores deberán incluír na súa oferta o correspondente desglose do custo.

Así para o LOTE 1 deberá indicar o custo das diferentes categorías profesionais para a realización das actividades de coordinación xeral e custo/hora de monitores e para o LOTE 2 deberá indicar o custo para a coordinación xeral, o custo do coordinador de centros e custo/hora de monitores, todo isto aos efectos de posibles modificacións contractuais do contrato derivadas dun incremento ou diminución do nº de usuarios/as que alteren as ratios establecidas.

Para o caso de que se deixen de prestar algunha das horas establecidas no prego técnico, procederase por parte do departamento municipal correspondente e previo conforme da Concellería de Educación, a descontar do prezo mensual o importe correspondente conforme os prezos unitarios indicados.

4.4.- Para tódolos efectos, enténdese que nas ofertas e nos prezos ofertados se encontran incluídos tódolos gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das obrigas contratadas, como son os gastos xerais, financeiros, beneficios, vacacións, seguros, transporte e desprazamento, manutención, soldos do persoal ó seu cargo que levan a cabo a prestación do servizo, taxas a toda clase de tributos e, en xeral cantos gastos deba realizala empresa para o cumprimento das obrigas contratadas."

3.- Que no escrito de alegacións presentado pola empresa "A Billarda, S.L." no Rexistro deste Concello núm. 2017049151 tralo trámite de audiencia concedido aos efectos de xustificar a viabilidade económica da súa oferta fixada en 101.000 € para o servizo de apoio aos comedores escolares, establecen, entre outros, que o custo de persoal para atender a prestación deste servizo según o estipulado no prego técnico, sería de 186.826 €, cantidade superior á oferta económica presentada pola mercantil, polo que evidénciase a insuficiencia do prezo ofertado para facer fronte ós custos salariais das necesidades de persoal esixidas nos pregos (en función das categorías profesionais, xornadas laborais,...).

Polo tanto, non se xustifica a viabilidade económica do servizo, ó partir dun planteamento erróneo de vincular o posible beneficio económico do servizo de almorzo e xantar dos comedores (sobre o que non é posible realizar baixa), co servizo de apoio persoal aos comedores (sobre o que sí se realiza baixa); e considerando, ademáis, que a baixa económica en que incurre a empresa non cumpre as condicións requiridas nos pregos nin as condicións salariais fixadas no convenio colectivo para os traballadores.

Por todo o anteriormente exposto e dacordo coa intencionalidade de "asegurar e garantir a calidade e a elaboración dos alimentos dos menús escolares", establece a condicións do **punto 4.3 calidade dos menús do almorzo e do xantar** do prego de prescricións técnicas do contrato que nos ocupa, así como a **fixación do prezo público establecido na ordenanza municipal** para a prestación deste servizo, o que motiva que: "SERVIZO DE COMIDA (xantar e almorzo): 460.800 euros máis o IVE (10%) -46.080 euros- resultando un total de 506.880 euros IVE incluído.

Este custo deriva da aplicación do prezo público pola prestación do servizo de comida conforme a ordenanza fiscal que se aprobe ao efecto ao número estimado de alumnos/as que recibirán anualmente este servizo.



Sobre este custo os licitadores non realizarán rebaixa algunha xa que o prezo público establecido será o que cobre a empresa pola prestación do servizo, tal e como se establece no prego de prescricións técnicas.

Temos que **desestimar** as alegacións para a xustificación da oferta económica presentada pola entidade "A Billarda, S.L." >>.

A vista do exposto, e tras a oportuna deliberación, a mesa de contratación considera:

1.- Como se indica no mencionado informe técnico, **os pregos que rexen a contratación**, e que constitúen a auténtica Lei do contrato **indican reiteradamente**, en relación ao servizo de comidas (almorzo e xantar), **que non é posible realizar baixa algunha nin sobre o prezo nin sobre o custo**, senon únicamente sobre o prezo do servizo de apoio ao comedor.

Así, na cláusula relativa o prezo do contrato indícase o custo deste servizo, sulíñándose literalmente que "*Sobre este custo os licitadores non realizarán rebaixa algunha xa que o prezo público establecido será o que cobre a empresa pola prestación do servizo, tal e como se establece no prego de prescricións técnicas.*".

Este criterio resulta coherente coa finalidade esencial expresada polo departamento de Educación de garantir a calidade esixida pola administración na prestación do servizo, ó abeiro dos estudos económicos dos custos que serviron de base para á determinación do prezo público dos menús.

Así mesmo, na propia cláusula que contén os criterios de valoración de ofertas indícase,

"...

B) LOTE 2. SERVIZO DE COMEDOR E APOIO AO COMEDOR NOS CEIPs DO CONCELLO DE LUGO: 12.1.- CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE. Ata un total de 9 puntos distribuídos como segue: 12.1.1. - OFERTA ECONÓMICA: Ata 6,5 puntos.

A proposición que oferte o prezo anual, exclusivamente do servizo de apoio ao comedor, máis baixo obterá a máxima puntuación (6,5 puntos) e as proposicións que presenten o prezo tipo de licitación para este lote (287.688,33 euros IVE excluído) obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito directamente proporcional. A estes efectos, considerarase o prezo ofertado sen ter en conta os valores decimais, que se redondearán ao número enteiro máis próximo.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refº: Acta mesa de contratación 22-8-17 _lectura informe xustif baixa temeraria

Asunto:

A valoración do prezo ofertado realizarase excluindo o Imposto sobre Valor Engadido.

Consideraranse ofertas anormais ou desproporcionadas aquelas ofertas que estean nos supostos establecidos no artigo 85 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos, sen prexuízo da súa valoración por parte da mesa de contratación.

Aos efectos de xustificar a viabilidade da oferta incurso inicialmente en temeridade terase en conta que a xustificación garanta o cumprimento da lexislación en materia social ou laboral de xeito que, de non garantirse co prezo ofertado pola empresa para este contrato a cobertura dos custos salariais do persoal adscrito a este contrato e que se deriven do Convenio Colectivo que sexa de aplicación á empresa licitadora máis as melloras ofertadas no seu caso, entenderase non xustificada a oferta por non acreditar a viabilidade da execución do contrato ante a constatación da existencia de custes salariais superiores aos da oferta."

Neste sentido, enténdese que a xustificación da oferta presentada só se pode referir á prestación do servizo de apoio ao comedor, sen que se poidan incluír supostos beneficios do servizo de subministración de comida (almorzo e xantar) por canto a literalidade das mencionadas cláusulas indican a imposibilidade de considerar rebaixa algunha xa non só sobre o prezo do dito servizo, senón tamén sobre o seu custo, de xeito que de ser admitida tal posibilidade estaríase a considerar o custo da comida e do servizo de apoio ao comedor no seu conxunto e polo tanto a posibilidade *de facto* de ofertar unha rebaixa sobre dito total en contra do preceptuado nos pregos. Na propia xustificación aportada considéranse uns custos de persoal de 186.826 € que aínda que son inferiores aos considerados nos estudos económicos que serviron de base para a elaboración dos pregos, son claramente superiores á oferta presentada de 101.000 €.

Incluso no propio artigo 152 do TRLCSP establécese que "*Si la oferta es anormalmente baja debido a que el licitador ha obtenido una ayuda de Estado, solo podrá rechazarse la proposición por esta única causa si aquél no puede acreditar que tal ayuda se ha concedido sin contravenir las disposiciones comunitarias en materia de ayudas públicas.*", é dicir, que debe existir un control na imputación dos custos que interveñen na prestación do servizo, por canto se entende que un beneficio calquera que legalmente non se poida asociar a ese servizo ou obtido na prestación doutro servizo distinto non pode servir de base para xustificar a cobertura dos custos inherentes ao mesmo; doutro xeito sempre sería fácil xustificar a cobertura dos custos con supostos beneficios ou remanentes alleos.



2.- Na cláusula décimo quinta, no seu punto 15.4, establécese que a realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita aos requisitos do artigo 227 do TRLCSP, onde se dispón que non figurando un límite especial, o contratista poderá subcontratar ata unha porcentaxe que non exceda do 60 por 100 do importe de adxudicación. O importe de adxudicación no Lote 2 ven determinado polo importe de adxudicación do servizo de comida (ao non permitirse rebaixa no seu prezo é o fixado na cláusula cuarta anteriormente mencionada e ascende a 460.800 euros máis IVE, conforme ao estudo de custos que se inclúe no expediente) e polo importe de adxudicación do servizo de apoio ao comedor 101.000 €). En dito estudo de custos do servizo de comida faise unha análise porcentual dos distintos custos parciais que interveñen na fixación do prezo, indicándose que respecto ao custo total do almozo se contempla un 42% como custo das materias primas, un 26% como custo da xestión, un 23% como custo do transporte diario e un 9% como custo das perdas por produtos perecedoiros; en canto ao custo total do xantar considérase un 63% como custo das materias primas, un 20% como custo da elaboración do menú, un 8% como custo do transporte e un 9% como custo da xestión. Respecto deste aspecto, a xustificación da valoración da oferta presentada indica que "...Costes materia prima, más IVA: 238.437,50 €

...
si bien el precio establecido está por debajo del precio normal de mercado, ambas empresas (A Billarda y Catering La Central) están interesadas en mantener este servicio por la solvencia técnica, volumen y demás sinergias que nos aporta ... y más teniendo en cuenta que el coste de personal necesario para la elaboración de los menús por parte de Catering La Central está ya cubierto por ingresos que la empresa de catering percibe de otros servicios prestados de forma estable y que permiten mantener este a un precio más competitivo.", e así mesmo, no compromiso de prestación de servizos que achegan, asinado entre as dúas empresas, recóllese "*Primera.- Objeto del contrato. Restaurante Central II Lugo, S.L. se obliga a elaborar y transportar los menús de mediodía que se servirán en los Centros Públicos de Educación Infantil y Primaria de la ciudad de Lugo que se lleven a cabo desde la Concellería de Educación. A tales efectos, se considera incluídos los servicios de catering relativos al conjunto de actividades que permiten la preparación, el transporte y la puesta a disposición de los responsables de las instalaciones de comedor de los mencionados menús "en linea caliente". Los mencionados menús no incluirán el agua que se sirva con ellos, cuyo coste y puesta a disposición de los centros será asumida directamente por A Billarda, S.L.*

...
Quinta.- Contraprestación. A Billarda, S.L. abonará a Restaurante Central II Lugo, S.L. los siguientes importes por cada uno de los menús encargados: 2,30 euros más IVA; este precio no está sujeto a ninguna modificación, a no ser que medie

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/mb

Refª: Acta mesa de contratacion 22-8-17 _lectura informe xustif baixa temeraria

Asunto:

acuerdo entre las partes.", é dicir, o total calculado de 238.437,50 € resulta de considerar un custo de 0,50 € por almuerzo e 2,30 € por xantar aos que habería que engadir o correspondente IVE.

O 60% máximo que permite artigo 227 respecto do mencionado importe de 561.000 € (460.800 + 101.000) ascende a 337.080 € que si ben puidera parecer que non se sobrepasa atendendo únicamente ao dato económico aportado segundo o compromiso citado (238.437,50 €), dunha análise máis fonda resulta que o único custo que puidera non estar incluído nesa valoración, a parte do servizo de apoio ao comedor (por canto indican expresamente que inclúe preparación, transporte e posta a disposición en quente), sería o da auga e o da xestión, que en ningún caso se entende poderá alcanzar o 40 % mínimo non subcontractable, e máis aínda á vista do desglose porcentual que foi tido en conta no estudio de custos mencionado, onde só o 9% do custo do xantar e o 26% do custo do almuerzo corresponde ao gasto da xestión. Ademáis, indican tamén que no cálculo non se tiveron en conta determinados custos do persoal necesario para a elaboración dos menús por estar cuberto por ingresos de prestación doutros servizos distintos ao que nos ocupa, o que desvirtuaría a racional imputación de custos do servizo concreto que se está a valorar. Esta cuestión aínda resulta máis evidente no caso de consideración como prestación parcial únicamente do servizo de comida, por canto neste caso, da documentación xustificativa presentada, parece evidenciarse na realidade a proposta dunha subcontractación de practicamente a totalidade do contido de dita prestación, contravindo as limitacións establecidas nos pregos na súa cláusula décimo quinta (cosa distinta sería a presentación da oferta en UTE, que non é o caso).

Por todo o anteriormente exposto, a mesa de contratación asume o criterio do informe técnico, entendendo non xustificada suficientemente a baixa presentada pola mercantil A Billarda e proponendo polo tanto á selección da mercantil Alimentación Saludable Gallega, S.L.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto ás 14:45 horas, no lugar sinalado no encabezamento.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo.: Xosé Manuel Cao Rei.



Asdo.: Manuel Angel Brea Santomé.